



Árbore
Conmemorativa

Árbore doada pola Fundación Rosalía de Castro obtida por estaca no ano 2005 dunha filla da memorable figueira dos tempos de Rosalía de Castro, ambas aínda vivas na casa da Matanza no ano 2006.



FIGUEIRA

“ F i g u e i r a d e R o s a l í a d e C a s t r o ”

Ficus carica

SABÍAS QUE...? “Miña terra, miña terra, terra onde m'eu criei, hortiñas que quero tanto, figueiriñas que prantei”. [Adiós Ríos. Cantares gallegos] Nosa poetisa máis universal puido escribir embriagada pola morriña ao verse fóra de Galicia, e lembrar o día que plantou a figueira na horta da súa casa familiar da Matanza(Padrón).

É unha das numerosísimas especies do xénero Ficus, da familia das moráceas. Orixinario de Asia sudoccidental, crece agora espontaneamente en torno ao Mediterráneo e noutras rexións do mundo.

Nome común: Higuera (cast.); Figueira (gal.); Fig (ing.).

Etimoloxía:

- Ficus: é o nome que lle daban os romanos á figueira cultivada
- carica: alude a unha rexión de Asia Menor denominada Caria, de onde eran famosos os seus figos

Descrición da especie: Arbusto ou árbore pequena, de porte baixo, que de cando en cando excede os 6 ou 8 m. De copa moi aberta debido á súa profusa ramificación, que a miúdo xorde case a rentes do chan. A cortiza é lisa e de cor grisáceo, como a pata dun elefante, pero a miúdo preséntase tortuosa. As follas son simples, caducifolias, de cor verde brillante e textura áspera, alternas, ásperas ao tacto e palmeadas con 3-5 lóbulos, normalmente irregulares, o que as fai asimétricas. O contorno dos lóbulos pode ser liso ou dentado. Ademais, teñen látex, que se observa moi ben ao trinchar o rabiño da folla. A floración e frutificación prodúcese no verán e é bastante complexa. As flores son unisexuais monoicas, moi pequenas e aparecen en maio - Xuño. Doutra banda, o froito, chamado figo ou bévera, mide até 8 cm de lonxitude, é globoso ou piriforme, de cor verde, verde-amarelado ou morado, e é de pulpa carnosa e doce. A polinización efectúana unha especie de insectos himenópteros (pequenas avespas) nun caso típico de simbiose/mutualismo. Existe unha especie de avespas adaptada a cada especie de figueira.

